

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. É un dereito dos recollidos no artigo 10 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, o dereito a ...**

- A) O respecto á personalidade, dignidade humana e intimidade
- B) A asignación dun/dunha médico, cuxo nome daráselle a coñecer ao paciente, o cal será o seu interlocutor principal co equipo asistencial
- C) Participar, a través das institucións comunitarias, nas actividades sanitarias
- D) Todos os dereitos anteriores están recollidos no artigo 10 da Lei 14/86

**2. O/A responsable dos ficheiros que conteñan datos de carácter persoal nos centros do ámbito dunha Estrutura Organizativa de Xestión Integrada é...**

- A) O conselleiro de Sanidade
- B) O/A xerente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada
- C) Cada xerente como responsable principal e o conselleiro de Sanidade como responsable subsidiario
- D) O/a xerente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada solidariamente co/coa director/a asistencial

**3. Corresponde propoñer o/a candidato/a á Presidencia de Galicia ...**

- A) Ás forzas políticas representadas parlamentariamente
- B) Ao/Á Presidente/a do Parlamento
- C) Á Diputación Permanente
- D) Ningunha das anteriores respostas é correcta

**4. En relación co documento de Instrucións Previas, cal das seguintes é a resposta CERTA?**

- A) Deberán formalizarse ante notario coa presenza de 3 testigos
- B) Ningún testigo poderá ter relación de parentesco co outorgante das instrucións previas
- C) Poderán ser revogadas dentro dos 6 meses seguintes a terse rexistrado no Rexistro Autónomo
- D) Son falsas todas as anteriores respostas

**5. Cando un paciente non acepta o tratamento prescrito...**

- A) Está exercendo un dereito
- B) Non poderá negarse a recibir o tratamento nos casos determinados na lei
- C) A súa negativa ao tratamento deberá constar por escrito
- D) Todas as afirmacións anteriores son correctas

**6. Sinale cal é a resposta FALSA en relación co tempo de traballo e réxime de descansos regulados na sección 1ª, do capítulo X do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:**

- A) Son falsas todas as respostas seguintes:
- B) A pausa no traballo non poderá superar os 15 minutos en xornadas de traballo que excedan de 6 horas continuadas
- C) Cando o persoal manifieste por escrito o seu consentimento poderá realizar un número ilimitado de horas anuais que terán a consideración de horas extraordinarias
- D) O persoal terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido de 10 horas entre o fin dunha xornada e o comenzo da seguinte

**7. A orde secuencial de aplicación dos principios da acción preventiva é a seguinte:**

- A) Evitar os riscos. Avaliar os que non se poidan evitar. Combater os riscos na súa orixe. Adaptar o traballo á persoa
- B) Combater os riscos. Adaptar o traballo ó profesional. Evitar os riscos en orixe. Avaliar os que non se poidan evitar
- C) Evitar os riscos que non se poidan evitar. Combater os riscos. Avaliar os que non se poidan evitar. Adaptar o traballo ao/á profesional
- D) Combater os riscos na súa orixe. Evitar os riscos. Avaliar os que non se poidan evitar. Adaptar o traballo ao/á traballador/a

**8. A vixilancia da saúde só poderá levarse a cabo...**

- A) Cando así o decida unilateralmente a organización
- B) Cando o solicite o traballador por tratarse dun dereito individual
- C) Unha vez cada ano
- D) Cando o/a traballador/a preste o seu consentimento, agás as excepcións establecidas na lei

**9. En relación co persoal estatutario regulado no Estatuto Marco, indique cal das seguintes afirmacións é CERTA:**

- A) O dereito ao descanso dentro da xornada de traballo deberá disfrutarse na segunda metade da mesma
- B) O seu sistema retributivo estrutúrase en retribucións básicas e retribucións complementarias determinadas por cada servizo de saúde en idénticas contías
- C) A comisión de servizos implica deixar de estar en servizo activo
- D) Deberán ser obxecto de negociación colectiva, entre outras materias, as propostas sobre a aplicación dos dereitos sindicais e de participación

**10. Segundo o Decreto 206/2005 de provisión de prazas do persoal estatutario do SERGAS, con qué frecuencia se realizarán os procesos de mobilidade voluntaria?**

- A) Preferentemente todos os anos
- B) Preferentemente cada 2 anos
- C) Antes de cada proceso selectivo
- D) Obrigatoriamente cada 2 anos

Preguntas de reserva

**1. É CERTO que ...**

- A) O acceso á historia clínica con fins epidemiolóxicos, de saúde pública e de docencia obriga a separar os datos identificativos do paciente dos clínico-asistenciais, asegurando en todo caso o anonimato
- B) O acceso por outras persoas distintas ao paciente á información contida na historia clínica haberá de estar xustificado pola atención sanitaria do mesmo
- C) A historia clínica é propiedade do paciente cando recibe asistencia dun/dunha médico que traballa por conta propia
- D) A historia clínica deberá conservarse íntegramente ata pasados 5 anos desde a última asistencia prestada ou desde o falecemento do paciente

**2. Indique cal das seguintes é a afirmación CORRECTA segundo o establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia:**

- A) O Parlamento de Galicia fixa o número de membros entre 70 e 80
- B) A circunscrición electoral será, en todo caso, a Provincia
- C) As leis de Galicia serán publicadas só no Diario Oficial de Galicia
- D) O Presidente da Xunta de Galicia fixará o orzamento do Parlamento

